

C

consideraciones



1.- O CES considera positivo o feito de que a economía galega experimentara en 2006 a taxa de crecemento máis elevada dende o ano 2000. O produto interior bruto (PIB) real a prezos de mercado presentou no último ano un ritmo medio de crecemento do 4,1%, dúas décimas por riba da media estatal, o que o sitúa coma a comunidade con maior crecemento económico igualada con Murcia, Cantabria e o País Vasco. Con todo, cómpre indicar que este diferencial positivo non é suficiente para converxer activamente coa media do Estado a medio prazo.

2.- Dende o punto de vista da oferta, o ano 2006 caracterizouse polo dinamismo do conxunto do sector industrial, que se comportou como o sector de maior crecemento. As ramas industriais continuaron medrando por riba da media estatal e a actividade enerxética, a diferenza do acontecido en 2005, presentou unha taxa de crecemento moi superior. Asemade, hai que avaliar positivamente o crecemento do VEB xerado polo sector primario.

3.- O sector servizos explica a metade do crecemento agregado do PIB, e a construción case o 20%. Do mesmo xeito que os servizos, a importancia relativa no VEB dos sectores industrial (incluída a enerxía) e primario é superior á súa achega ao crecemento agregado, que foi do 15,4% e 1,1%, respectivamente.

4.- Dende o punto de vista da demanda, a demanda interna segue comportándose como motor de crecemento da economía galega, cunha achega de 4,7 puntos. Entre os compoñentes da demanda interna, destaca o crecemento do investimento (Formación bruta de capital fixo), cunha medra do 5,3%. Pola contra, a contribución da demanda externa segue sendo negativa, se ben é destacable que esta mellora en medio punto porcentual ao pasar do -1,1% de 2005 ao -0,6% de 2006.

No que atinxe ao sector exterior cómpre salientar, dunha banda, que a actividade comercial en Galicia segue medrando a ritmos superiores aos do conxunto do Estado. Doutra, que se reduce de xeito considerable o déficit da balanza comercial por mor do comportamento dos bens de equipamento e de consumo.

5.- O CES considera negativa a desigual distribución funcional da renda no período 2000 - 2004 (último ano dispoñible). A pesar da medra continuada da importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego, ao longo da serie considerada se rexistra unha lixeira redución da participación dos asalariados na renda. No ano 2000, o 74,9% dos traballadores

repartíanse o 45,8% da renda, en tanto que en 2004, o 44,3% da riqueza se distribúe entre o 78,5% dos traballadores.

6.- O dinamismo da economía galega veu acompañada dunha moderación das tensións inflacionistas. En decembro, a taxa de crecemento interanual situouse no 2,6%, máis dun punto inferior á taxa do ano precedente, e unha décima por baixo da media estatal.

7.- O CES insiste nas consecuencias negativas do estancamento demográfico e da continua caída do peso relativo da poboación galega no total estatal. Asemade, aumentan os desequilibrios territoriais, descendendo a poboación no interior e na Galicia rural.

Hai que destacar como aspecto positivo o feito de que por primeira vez dende o ano 2000, o saldo migratorio co resto das comunidades autónomas foi positivo.

O CES considera urxente arbitrar medidas destinadas á revitalización demográfica, facendo fincapé tanto nas dirixidas á incrementar a natalidade e a mellorar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal como nas actuacións específicas para aumentar e fixar a poboación no medio rural.

8.- Entre os anos 2000-2006, período de vixencia do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico (PEDEGA), a economía galega experimentou un ritmo medio anual de crecemento do 3,1%, dúas décimas por baixo da media española. Este menor dinamismo trasladouse ao mercado de traballo onde o diferencial de crecemento das afiliacións á Seguridade Social aumenta ata un punto (medran un 2,8% en Galicia e un 3,8% en España).

As economías galega e española presentan pautas de crecemento similares. Dunha banda, a construción e os servizos compórtanse como os sectores máis dinámicos. Doutra, a produción no sector primario decrece tanto no conxunto do Estado como, en menor medida, en Galicia. Con todo, cómpre salientar o diferencial de crecemento existente na construción, que medra un 4,3% en Galicia fronte ao 6% de media en España, e o maior ritmo de crecemento da actividade industrial galega (1,9% de media en Galicia e 1,3% en España).

Tendo en conta o estancamento da poboación en Galicia, que medra tan só a unha taxa media anual do 0,2% (1,7% en España), o CES volve a salientar como feito negativo que a converxencia da economía galega coa media española se teña producido, fundamentalmente, polo comportamento demográfico.

O CES insiste na necesidade de definir un modelo adecuado de desenvolvemento que permita a converxencia activa coa media española e europea. Neste senso cómpre potenciar as actividades de alto valor engadido e fomentar a competitividade e a xeración de novo coñecemento naquelas outras tecnoloxicamente maduras nas que Galicia xa conta cunha vantaxe comparativa. Asemade, o goberno galego debe velar porque o crecemento sexa compatible co emprego estable e co reparto equilibrado da renda.

2. emprego

9.- A pesar dos cambios metodolóxicos introducidos na EPA e no paro rexistrado, o CES insiste en que seguen sen reflectir axeitadamente a realidade laboral galega, polo que son necesarias explicacións para aclarar esta situación, e demanda un maior esforzo para incrementar o tamaño da mostra e para axustarse á dinámica sociolaboral galega.

10.- As tres principais fontes de información estatística do mercado de traballo reflicten o comportamento positivo do mercado laboral galego, incrementándose tanto o número de afiliacións á Seguridade Social como o de persoas ocupadas, e descendendo non só a poboación parada estimada pola EPA senón tamén a rexistrada nas oficinas de emprego. Non obstante, estes datos de desemprego hai que tomalos con cautela, dado, entre outros aspectos, o importante diferencial existente entre as dúas fontes: o paro rexistrado en Galicia é un 50% superior ao estimado pola EPA (11% no conxunto do Estado).

Con todo, persiste a dificultade da economía galega de crear emprego en comparación co conxunto do Estado. Galicia, cun incremento do PIB real dúas décimas por riba do acontecido en España, rexistrou un incremento do número de afiliacións á Seguridade Social e da poboación ocupada inferiores aos da media española.

11.- Un ano máis hai que salientar o desigual comportamento dos grandes sectores económicos. Dunha banda, continúa o descenso do emprego agrario polo peche de explotacións agrarias e que incide nos cambios da estrutura produtiva da economía galega. Paralelamente a esta redución do emprego se rexistra unha medra da ocupación nas actividades ligadas aos servizos relacionados co sector agrario.

Doutra banda, aumenta a ocupación nas ramas económicas da construción e os servizos, descendendo no conxunto das ramas industriais. Dentro das actividades industriais cómpre salientar, pola súa importancia no conxunto da economía galega, o forte descenso rexistrado no subsector do téxtil, confección, coiro e calzado, cunha caída de case seis mil persoas, o 19% respecto ao ano anterior.

En opinión do CES, hai que reiterar o feito de que o ritmo de xeración do emprego non é suficiente, e que aumentalo ha de ser un obxectivo prioritario que só se acadará cun maior dinamismo económico.

12.- Galicia presenta no ano 2006 unha medra das súas taxas de actividade e ocupación, que se sitúan, en promedio, no 53,6% e 49,1%, respectivamente. Con todo, hai que destacar que ámbalas dúas se sitúan máis de catro puntos porcentuais por baixo da media estatal.

A taxa de paro descendeu en Galicia ao longo do último ano ata o 8,5%. De xeito sorprendente, a taxa de paro estimada para as mulleres en Galicia situouse no ano 2006 lixeiramente por baixo da estimada para España (11,4% e 11,6%, respectivamente), cando no ano anterior a taxa feminina de desemprego era do 13,5%, un punto e tres décimas por riba da taxa estimada para o conxunto do Estado.

13.- O devandito balance do mercado de traballo ven explicado, en parte, polo comportamento do emprego feminino. Dunha banda, a poboación ocupada medrou en Galicia en 34.100 persoas das que o 83,9% (28.600 ocupados) son mulleres. Doutra, a pesar da redución en máis de 9.000 persoas do número de mulleres desempregadas (o 53,5% do paro estimado en Galicia no ano 2006), esta foi insuficiente para dar ocupación ao número de mulleres activas incorporadas ao mundo laboral. Fronte á caída do número de persoas activas no caso dos homes, o número de mulleres activas aumentou en 19.600 persoas.

A pesar deste avance importante, cómpre salientar que se mantén o problema do elevado diferencial tanto das taxas de actividade e ocupación, moi por baixo das estimadas para os homes, como da taxa de desemprego, moi superior en relación coa dos homes. Ademais, o emprego feminino concéntrase maiormente no sector servizos (da emprego a máis das tres cuartas partes das mulleres galegas fronte ao 48% dos homes), estando sobrerrepresentadas nas ocupacións que requiren menor cualificación, como son o comercio e hostalería e o emprego administrativo.

14.- A creación de emprego baseouse no carácter asalariado, con case 50.000 asalariados máis (30.700 mulleres). O CES considera negativo que este incremento non fora asociado a unha caída da elevada taxa de temporalidade, manténdose a proporción de asalariados con contrato temporal no 34,9%, nove décimas por riba da media estatal. Isto é especialmente grave se se

ten en conta o esforzo realizado polo sector privado, xa que a temporalidade medra no sector público, e entre as mulleres.

A temporalidade no sector privado descendeu no ano 2006 tres décimas mentres que a rexistrada no sector público experimentou unha medra na mesma proporción. En opinión do CES, non semella razoable o incremento na temporalidade do emprego no sector público, xa que as propias administracións públicas non están contribuíndo a resolver este problema, senón todo o contrario.

No caso das mulleres, a taxa de temporalidade en Galicia presentou no último ano un comportamento negativo, xa que aumenta case dous puntos porcentuais en relación á estimada en 2005, mentres que descende punto e medio no caso dos varóns.

A pesar de que o número total de contratos medrou en Galicia medio punto por riba da media española, este maior incremento se explica pola medra dos contratos temporais xa que tanto os contratos indefinidos coma os convertidos en indefinidos o fan a taxas inferiores. No que atinxe aos contratos iniciais de traballo, o 88,9% dos contratos galegos realizados en 2006 son contratos de duración temporal (88,2% no conxunto do Estado) sendo esta porcentaxe do 4,6% no caso dos contratos indefinidos (5,5% en España). O 6,5% restante corresponde aos contratos convertidos en indefinidos (6,2% en España).

O devandito problema da temporalidade agrávase se se ten en conta tanto a duración dos contratos temporais como o grao de rotación existente. Dunha banda, por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado, máis de catro de cada dez contratos temporais son contratos cunha duración indeterminada. Doutra, o 45,6% dos contratos cunha duración concreta, teñen unha duración inferior a un mes. Asemade, o número de contratos por persoa asalariada temporal medrou ata os 2,8 contratos (3,4 contratos de media en España).

15.- En opinión do CES o mercado de traballo galego presenta unha importante segmentación. A xente de nova incorporación ao mundo laboral non só ten salarios máis baixos senón que sofre unha maior temporalidade. En termos relativos, os máis prexudicados son os máis novos (menores de 35 anos), que presentan unha taxa de temporalidade superior ao 51%. Asemade, os menores de trinta anos asinaron o 36,5% dos contratos indefinidos (41,5% no conxunto do Estado) e o 51% dos contratos de duración temporal (49,1% en España).

16.- Tras un novo descenso do paro rexistrado superior ao da media do conxunto do Estado, o número de persoas desempregadas en 2006 foi de 161.278. Con todo, a pesar da súa forte caída no último ano, 6,3% respecto ao rexistrado no ano 2005 (case cinco puntos superior ao da media estatal), o CES considera necesario salientar a elevada importancia relativa do desemprego rexistrado en Galicia, que supón o 7,9% dos parados rexistrados en España, moi por riba dos pesos relativos do PIB, 5,1%, das persoas afiliadas á Seguridade Social, 5,6%, ou da poboación, 6,1%.

O paro rexistrado reduciuse tanto nas catro provincias galegas como en todos os sectores considerados. A nivel sectorial, os servizos rexistran o maior descenso en termos absolutos, con 4.609 desempregados menos, seguidos pola construción e a industria, con máis de dous mil parados rexistrados menos. En termos relativos, a caída do desemprego foi do 11,9% na construción, fronte ao 7,7% da industria e o 7,1% dos encadrados no grupo “sen emprego anterior”.

Doutra banda, Lugo e Pontevedra rexistraron, en termos relativos, os descensos máis acusados, cunha caída do 7,1% e 7%, respectivamente.

17.- O CES volve a subliñar a reducida importancia relativa no conxunto do Estado da poboación estranxeira residente en Galicia e do número de estranxeiros afiliados en alta laboral na Seguridade Social. Fronte ao 6,1% que representa a poboación galega no total estatal, o peso relativo da poboación estranxeira empadroada en Galicia e o do volume de estranxeiros afiliados á SS supuxo tan só o 1,8%. Estes datos reflicten un síntoma máis da atonía relativa do mercado de traballo galego, que non actúa de atractivo coma noutras Comunidades Autónomas de España.

18.- O CES volve a incidir na gravidade do problema da sinistralidade laboral xa que, se ben descende o número de accidentes graves e mortais, no último ano medrou novamente o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. A pesar deste preocupante incremento (1,2% respecto ao ano anterior), e tralo crecemento do 3,9% do número de afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, o índice de incidencia laboral en Galicia situouse nos 57,3 accidentes por cada mil afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (58,8 accidentes de media en España).

3. sector público, benestar social e calidade de vida

19.- O crecemento da actividade económica galega por riba do estimado nos presupostos do exercicio 2006 (4,1% e 3,4%, respectivamente) motivou un incremento dos ingresos orzamentarios.

Os datos da liquidación do presuposto amosan que o último ano se pechou cun superávit non financeiro consolidado de 86,8 millóns de euros.

O grao de execución dos gastos foi do 92,5% do gasto do total do orzamento consolidado, sendo esta porcentaxe do 80% no caso dos investimentos reais. Dende o CES valorase positivamente este elevado grao de execución tendo en conta as dificultades manifestadas ao inicio do pasado exercicio.

20.- No ano 2006 volveu a descender o peso da débeda sobre o PIB, que pasa do 7,3% a finais de 2005 (6,3% en España) ao 6,9% ao final de 2006 (5,9% no conxunto do Estado). A pesar da medra da débeda pública galega en termos absolutos, ao longo do último ano descende lixeiramente o seu peso relativo no total estatal.

O CES considera importante salientar o forte incremento dos gastos de explotación no conxunto das sociedades e entes públicos (44,3% e 11,9%, respectivamente), así como da débeda das empresas públicas, que pasa dos 20 aos 178 millóns de euros. A pesar desta medra, a ratio débeda/PIB segue por baixo da meda española: 0,4% e 0,9%, respectivamente.

21.- Ao igual que no ano anterior, ao longo do ano 2006 rexistrouse tanto unha medra do número de pensións contributivas como un descenso no número de pensións non contributivas.

O CES quere chamar a atención no feito de que un ano máis, non só o importe medio das pensións contributivas en Galicia volven a ser as máis baixas do Estado, senón tamén que o diferencial co importe medio estatal volve a medrar. Asemade, volve a incidir en que esta tendencia pon de manifesto a existencia dun problema estrutural nas bases salariais de cotización, máis que reflectir o impacto das pensións máis baixas, que son as dos réximes agrarios ou autónomos.

22.- En opinión do CES hai que resaltar o feito de que no presente marco de redución de desemprego, se rexistre unha medra do número das prestacións por desemprego. Esta situación requiría unha análise máis polo miúdo dos movementos que se están a producir no mercado de traballo.

23.- Tendo en conta que a importancia relativa da poboación galega maior de 65 anos no total estatal é do 8% (9,1% no caso das persoas maiores de 85 anos), e que o gasto estimado

para servizos sociais por persoa maior de 65 anos tan só representa o 4,6% do gasto total español, é imprescindible que en Galicia se preste unha maior atención ás persoas maiores dependentes e se incrementen os recursos para mellorar todos os servizos de atención a estas persoas e para incrementar o baixo índice de cobertura.

Neste senso, dende o CES se insiste na necesidade de desenvolver unha rede asistencial e de calidade ao alcance de toda a poboación con independencia do seu lugar de residencia.

Asemade, considera fundamental a mellora e ampliación da dotación de servizos aos nenos e o apoio á familia, o que permitiría avanzar realmente nos obxectivos de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

24.- A pesar de que os incendios forestais constitúen un dos problemas recorrentes en Galicia, a vaga de lumes que asolou, principalmente, ás Rías Baixas e á costa coruñesa entre o 4 e o 15 de agosto de 2006 permite afirmar que estes foron unha catástrofe medioambiental. Ademais, cómpre salientar que esta situación se veu agravada polas riadas acontecidas posteriormente en Galicia. Segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a superficie forestal queimada nese ano ascendeu a 95.945,4 hectáreas (38.442,6 ha máis que no ano anterior).

Asemade, hai que destacar a elevada concentración dos incendios. Dunha banda, o 87,8% dos lumes rexistráronse no mes de agosto. Doutra, a 32,4% da superficie arrasada polos lumes corresponde tan só a dez concellos.

Ante esta situación, o CES considera importante reiterar a necesidade de facer da política contra incendios forestais e de defensa do monte unha política de estado. Esta política tería de estar necesariamente consensuada por todos os axentes sociais. (*Informe 2/05. Análise, balance e propostas sobre incendios forestais. Medidas preventivas, aproveitamento da biomasa residual e outras*).

25.- En materia educativa, Galicia soportou no ano 2004 (último ano dispoñible) un fracaso escolar de 23,9%, case seis puntos por baixo da media española, o que a sitúa como a sexta comunidade con menor probabilidade de non obter o título de ESO ao acabar a etapa obrigatoria. A pesar de que estes datos hai que analizalos con cautela, ao estaren fortemente afectados polo fenómeno da inmigración, comparado coa situación existente cinco anos antes, cómpre salientar que Galicia foi a segunda comunidade autónoma, tras o País Vasco, coa mellor evolución, con 3,3 puntos menos que en 2000 (27,3%).

Ao igual que no resto das CC.AA., Galicia presenta importantes diferenzas entre o fracaso escolar masculino e feminino. A probabilidade dun neno galego de non acadar o título de ESO ao finalizar a etapa obrigatoria é do 31,7%, mentres que a dunha moza é do 15,8%.

No que ao abandono escolar se refire (este aspecto tense en conta á hora de calcular a porcentaxe de fracaso escolar), no ano 2005 o 23,6% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación. Este indicador de abandono escolar prematuro situouse no conxunto do Estado no 30,8%, máis de sete puntos por riba da media galega, mentres que na UE-25 estaba por baixo do 16% (o obxectivo comunitario é acadar o 10% en 2010).

Xunto á necesidade de redución do fracaso escolar e do abandono escolar prematuro, o CES opina que se debería reestruturar a oferta cara a unha intensificación das titulacións técnicas (tanto universitarias coma de formación profesional) para unha mellor adecuación ás necesidades do tecido produtivo. Neste senso, a Unión Europea establece como obxectivo que o número de licenciaturas tecnocientíficas medre, cando menos, un 15% para 2010.

Un terceiro indicador no que Galicia se atopa moi por baixo do obxectivo europeo para 2010 é o concernente á porcentaxe de poboación de 22 ou máis anos que ten estudos de secundaria (85%). Se tomamos como referencia o dato da poboación maior de 16 anos que teñen finalizados os estudos de secundaria primeira etapa, esta porcentaxe acadaría o 62,8% en Galicia no ano 2006 (67,1% no conxunto do Estado).

26.- No que atinxe á sanidade, aspecto básico do benestar social, é necesario volver a insistir na necesidade do control do gasto farmacéutico e da redución das listas de espera. Dunha banda, o gasto farmacéutico en Galicia derivado da receita oficial do Sistema Nacional de Saúde medrou no último ano un 6,3%, medio punto por riba da media no conxunto do Estado, e o gasto medio por receita, un 2,2% (1,7% en España). Doutra, segundo os datos publicados polo Sergas, a demora media da lista de espera estrutural cirúrxica (a 31 de decembro de 2006) foi de 90 días, situándose a mesma nos 120 días no caso de traumatoloxía, e de 114 e 107 días en cirurxía maxilofacial e cirurxía plástica e reparadora, respectivamente.

27.- Ao longo do ano 2006 volven a empeorar as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade, ao encarecerse tanto os tipos de xuro dos préstamos hipotecarios como o prezo medio da vivenda. O prezo medio da vivenda libre incrementouse en Galicia un 15,3% (10,4% en España) e o da vivenda protexida, un 10,8% (7,6%).

Este encarecemento provocou que unha familia media preceptora dun só salario dedique ao pago das cotas da hipoteca o 44,6% dos seus salarios brutos, cando no ano anterior esta porcentaxe se situaba no 36,3% (no conxunto do Estado, estas ratios acadan o 52,7% e 44,6%, respectivamente). Se se corrixen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, no ano 2006 o que se dedica ao pago das cotas é o 27,9% do salario (35,1% en España).

4. Desenvolvemento rexional

28.- Tendo en conta o elevado déficit estrutural de Galicia en materia de infraestruturas de transporte (nomeadamente ferroviarias e portuarias), o CES considera fundamental a racionalización do gasto e a creación dun sistema que permita definir a gradación en importancia dos recursos en infraestruturas e equipamentos necesarios.

Asemade, co obxectivo de mellorar a vertebración do territorio, incrementar a competitividade económica e corrixir os desequilibrios territoriais, o CES reitera a esixencia dunha maior concreción e cumprimento, en canto a prazos, da execución das infraestruturas que afectan a Galicia.

En opinión do CES é necesario un especial esforzo investidor por parte do Estado co obxectivo de reducir o déficit galego en materia de infraestruturas. Os presupostos xerais do Estado reflicten que o seu investimento para Galicia no ano 2006 representaba o 7,6% do seu investimento real.

29.- No eido das infraestruturas ferroviarias, e tendo en conta que é unha obra de capital relevancia para o crecemento de Galicia, o CES insiste en que as conexións, tanto co resto do Estado como co norte de Portugal, se realicen en parámetros de alta velocidade e demanda o compromiso de finalización das obras, incluída a sinalización definitiva, os sistemas de control e a electrificación, nos prazos previstos que, en calquera caso, garantan a súa posta en servizo en 2013.

30.- No concernente ás infraestruturas portuarias, hai que resaltar a necesidade de por en marcha medidas dirixidas a potenciar as condicións para que Galicia se converta en cabeceira da futura autoestrada do mar.

O CES reitera que toda aposta decidida pola potenciación destas infraestruturas en Galicia ten de facer fincapé no remate das obras dos portos exteriores de A Coruña e Ferrol, a posta en

funcionamento das plataformas loxísticas ligadas aos portos e o desenvolvemento do porto seco de Monforte.

31.- No eido do solo industrial, e considerando as carencias actuais, o CES reitera a necesidade dunha planificación que permita coñecer a demanda real de solo e as previsións de demanda futura. Co obxectivo dunha maior racionalización do solo industrial de calidade, esta planificación debería conter, entre outros, programas orientados á mellora do acceso de información sobre os parques, liñas de financiamento, dinamizar os canles de cooperación entre distintas administracións, así como contemplar as necesidades de mobilidade que a creación de novos parques xerarían.

32.- No último ano continuou a mellora do equipamento en TIC nos fogares galegos. Non obstante, cómpre salientar que Galicia se atopa moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet se refire, situándose como a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade e acceso a internet tras Estremadura.

33.- Entre as características da I+D en Galicia cómpre salientar, entre outros aspectos, o marcado predominio do entorno público (universidades e administración pública) e unha asignación de recursos netamente inferior á media estatal. Dunha banda, no ano 2005 o sector público concentra o 56,6% do gasto interno, así coma o 68,4% do persoal ocupado nas actividades de I+D e o 82% dos investigadores.

Doutra, a intensidade do gasto en I+D ascendeu ata o 0,88% do PIB galego, cando o esforzo investidor no conxunto do Estado é do 1,13% e a europea do 1,85%. O gasto en I+D por habitante representou o 64,2% do gasto español per cápita, acadando estas ratios o 81,8% no caso do gasto por traballador nestas actividades e o 74,5% no caso do gasto por investigador.

Asemade, a importancia relativa das exportacións de produtos de alta tecnoloxía no total das exportacións galegas é inferior ao 2% cando no conxunto do Estado esta ratio está próxima ao 6% e na Unión Europea por riba do 18%. Isto poría de manifesto a escasa capacidade para comercializar os resultados de I+D nos distintos mercados.

Ante este panorama o CES considera urxente mellorar a eficiencia e a eficacia das políticas de I+D públicas sobre a base de dúas liñas de actuación. En primeiro lugar, cómpre reformular os incentivos dos investigadores asociados a centros públicos para que, sen renunciar á investigación básica, se logre intensificar as actividades tecnolóxicas mellor adaptadas ao noso entramado produtivo. En segundo lugar, cómpre mellorar a coordinación dos distintos departamentos da Xunta de Galicia responsables do gasto en I+D, modernización tecnolóxica e creación e dinamización de empresas para evitar problemas de coherencia no deseño de políticas que resten eficacia á intervención pública.

34.- En opinión do CES é absolutamente imprescindible estender a preocupación na administración pola avaliación das políticas e servizos públicos. Neste senso, é necesario deseñar mecanismos de seguimento e control tanto para avaliar se os cartos públicos se están empregando fielmente de acordo cos programas aos que están vinculados, como para determinar se o esforzo financeiro pagou a pena. Todos os programas deben medirse á luz deste esforzo avaliador e reformarse consecuentemente.

indicadoresdecontexto

Principais indicadores do peso da economía galega no conxunto do Estado

		Unidade de medida	Galicia		G/E (%)	
Superficie		(Km ²)	29.575		5,85	
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2005		2006	
Produción	PIB prezos mercado (p. correntes)	(en miles de €)	46.060.314	5,1	49.841.539	5,1
	agricultura e pesca		2.251.810	8,5	2.355.303	8,7
	industria		6.217.895	5,1	6.705.103	5,1
	enerxía		1.606.557	7,9	1.744.811	8,2
	construción		5.345.090	5,7	6.048.939	5,7
	servizos		25.825.000	4,7	27.520.631	4,7
Sector exterior	Exportacións	(en millóns de €)	12.124,9	7,8	14.324,2	8,4
	enerxéticos		486,0	7,2	421,8	5,3
	non enerxéticos		11.638,9	7,9	13.902,4	8,6
	sector primario		2.175,1	7,9	2.443,0	8,3
	semimanufacturas		1.360,5	3,4	1.457,6	3,3
	manufacturas		8.103,3	10,0	10.001,8	11,4
	bens de equipamento		6.019,0	9,6	7.102,8	10,5
	bens de consumo		2.084,3	11,4	2.899,0	14,6
	Importacións	(en millóns de €)	13.752,3	5,9	15.216,9	5,9
	enerxéticos		2.102,0	6,4	2.422,9	6,0
	non enerxéticos		11.650,3	5,8	12.794,0	5,8
	sector primario		2.702,5	8,5	2.946,8	8,8
	semimanufacturas		2.197,4	4,2	2.608,0	4,4
	manufacturas		6.750,4	5,8	7.239,2	5,7
	bens de equipamento		5.005,5	5,6	5.171,0	5,4
	bens de consumo		1.744,9	6,2	2.068,2	6,6
	Investimento estranxeiro	(en millóns de €)	190,3	1,4	91,9	1,0
	Investimento directo no estranxeiro	(en millóns de €)	781,2	2,7	836,5	1,5
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			Rev. padronal 01/01/2006		Rev. padronal 01/01/2007	
	Poboación		2.767.524	6,19	2.771.341	6,14
	Poboación estranxeira		73.756	1,78	81.023	1,81
			Galicia	España	Galicia	España
			2005		2006	
	Movemento natural da poboación					
	Natalidade		7,77	10,75	7,89	10,92
	Mortalidade	(taxas por 1.000 habitantes)	10,82	8,93	10,80	8,42
	Nupcialidade		4,03	4,80	4,42	4,70
	Mortalidade infantil	(taxas por 1.000 nacementos)	3,18	3,78	3,54	3,77
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			2005		2006	
	Matrimonios		10.976	5,2	12.106	5,7
	Nacementos		21.097	4,5	21.469	4,5
	Defuncións		29.383	7,6	29.375	7,9

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, ICEX e Ministerio de Economía y Hacienda

		Unidade de medida	Galicia	
			2005	2006
Converxencia	PIB por habitante		81,4	82,8
	RFBD por habitante			89,2
	Indicador sintético de competitividade		90,4	
	I. S. Macroeconómico	(España = 100)	101,2	
	I. S. Laboral		95,2	
	I. S. Desenvolvemento empresarial		88,2	
	I. S. Infraestruturas e accesibilidade		96,0	
	I. S. Innovación		71,4	
			Galicia	Galicia
			2005	2006
			G/E (%)	G/E (%)
Emprego	Enquisa Poboación Activa (EPA)			
	poboación total maior de 16 anos		2.366,0	2.372,7
	activos		1.254,8	1.272,1
	ocupados	(en miles de persoas)	1.130,1	1.164,2
	parados		124,8	107,8
	inactivos		1.111,0	1.100,7
	Paro rexistrado		172.071	161.278
	Agricultura		4.938	4.919
	Industria		27.602	25.485
	Construción		18.896	16.651
	Servizos		95.293	90.684
	Sen emprego anterior		25.342	23.539
	Afiliados á Seguridade Social		997.745	1.032.532
	R. Minaría do carbón		89	74
	R. Xeral		711.283	744.816
	R. Especial Agrario		58.612	55.405
	R. Especial Empregados fogar		17.524	18.874
	R. Especial Autónomos		181.902	186.200
	R. Especial do Mar		28.335	27.163
	Contratos INEM		791.228	857.594
	Indefinidos		35.390	39.611
	Temporais		721.368	761.999
	Convertidos en indefinidos		34.470	55.984
	Empresas de traballo temporal			
	empresas		31	28
	contratos de posta a disposición		87.775	102.530
	Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo		48.003	48.578
	Leves		46.901	47.550
	Graves		1.001	950
	Mortais		101	78
	Agricultura		1.550	1.490
	Pesca		1.905	1.735
	Industria		15.516	16.184
	Construción		12.500	12.865
	Servizos		16.632	16.304
	Empresas existentes		191.642	200.020
	Persoas físicas		114.941	117.957
	S.A.		4.065	4.053
	S.R.L.		56.795	61.188
	Outras		15.841	16.822
	Sen asalariados		94.111	98.847
	micro-empresas (menos 10 trab.)		181.717	90.944
pequena empresa (10-49 trab.)		8.662	8.889	
mediana empresa (50-199 trab.)		1.044	1.107	
gran empresa (máis de 200 trab.)		219	233	
Sociedades mercantís				
constitución		6.457	6.976	
S.A.		92	86	
S.R.L.		6.365	6.890	
Economía social				
empresas		2.038	2.023	
traballadores		14.056	14.297	
Cooperativas				
Sociedades		919	918	
Traballadores		8.360	8.232	
Sociedades laborais				
Sociedades		1.119	1.105	
Traballadores		5.696	6.065	

(1) Renda Familiar Bruta Dispoñible

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Funcas, INEM, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e Registro Mercantil Central

	Unidade de medida	Galicia		Galicia		
		2005	G/E (%)	2006	G/E (%)	
Construción	Licitación pública	(en millóns de €)				
	Edificación	2.250,0	5,7	2.490,3	5,3	
	Obra Civil	532,9	2,0	432,0	3,0	
	Admon. Central	1.717,1	13,7	2.058,3	6,4	
	Admon. Autonómica	908,0	7,7	1.425,8	9,0	
	Admon. Local	870	7,1	711	4,5	
		471,6	3,1	353,4	2,4	
	Edificación e vivendas nova planta					
	Edificios a construír	7.797	3,8	7.899	3,4	
	Vivendas a construír	36.048	6,0	41.118	5,6	
	Superficie a construír	(en miles de m ²)	7.308	6,2	6.579	6,2
	Edific. e vivendas: rehabilitación					
	Edificios	1.598	4,8	1.468	4,1	
	Vivendas creadas	1.259	6,0	1.137	4,9	
	Edific. e vivendas: obras demolición					
Edificios	736	3,5	739	2,6		
Vivendas	1.297	5,3	1.176	3,6		
Turismo	Viaxeiros chegados					
	residentes en España	3.529.905	5,0	3.603.284	4,4	
	non residentes en España	2.903.271	7,0	2.946.205	6,2	
		626.634	2,2	657.079	1,9	
	Pernoctacións	7.594.781	0,3	7.755.521	2,9	
residentes en España	6.393.443	6,0	6.514.906	5,7		
non residentes en España	1.201.338	0,9	1.240.615	0,8		
Transportes	Transporte urbano	(en miles)				
	viaxeiros en autobús	73.778	4,1	74.022	4,0	
	Transporte por estrada	(en miles de Tm.)				
	mercadorías	96.755	6,5	101.962	6,5	
	Tráfico portuario (2)					
	pasaxeiros	168.926	0,8	179.043	0,7	
	mercadorías	31.949.208	7,3	32.327.465	7,0	
	graneis líquidos	9.683.543	6,6	9.558.658	6,4	
	graneis sólidos	(en Tm.)	14.952.739	13,2	14.946.779	13,2
	mercadoría xeral	6.132.727	3,7	6.733.245	3,7	
	pesca fresca	116.316	52,4	126.384	53,0	
	avitallamento	1.063.883	8,0	962.399	6,8	
	Tráfico aéreo					
aeronaves	60.173	2,7	61.780	2,7		
pasaxeiros	3.804.160	2,1	4.197.504	2,2		
mercadorías	(en Kg.)	6.507.526	1,1	4.394.249	0,7	

(2) tráfico nos portos de interés nacional
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, INE, Ministerio de Economía y Hacienda, Renfe, AENA, Ministerio de Fomento e Puertos del Estado

		Unidade de medida	Galicia		Galicia	
			2005	G/E (%)	2006	G/E (%)
Sector público	Débeda acumulada	(en millóns de €)	3.381	6,0	3.404	5,9
	Recadación dos principais impostos estatais	(en millóns de €)	4.990,6	3,2	5.714,1	3,2
	Capítulo I - Impostos directos		3.231,5	3,7	3.770,0	3,8
	Imposto s/ a renda das persoas físicas		1.984,3	3,7	2.281,5	3,7
	Impostos sobre sociedades		1.214,5	3,8	1.445,9	3,9
	Imposto sobre a renda de non residentes		28,9	2,2	40,4	2,7
	Imposto sobre o patrimonio		1,1	2,9	1,0	2,5
	Resto Capítulo I		2,6	10,4	1,2	3,2
	Capítulo II - Impostos indirectos		1.730,7	2,4	1.910,5	2,5
	Imposto sobre o valor engadido		1.581,8	3,2	1.761,0	3,2
	Impostos especiais		63,2	0,4	51,4	0,3
	Imposto s/ primas de seguros		1,2	0,1	1,4	0,1
	Tráfico exterior		84,5	5,8	96,7	6,1
	Resto Capítulo II		0,0	0,0	0,0	0,0
	Capítulo III - Taxas e outros ingresos		28,4	4,4	33,6	4,5
Taxas de xogo		0,1	-	-	-	
Outras taxas		1,5	1,9	1,9	1,9	
Recargo de apremio e outros		11,6	13,8	13,8	13,8	
Xuros de demora		6,6	7,0	7,0	7,0	
Sancións tributarias		8,7	10,9	10,9	10,9	
Protección social	Pensións contributivas		689,6	8,6	697,6	8,5
	incapacidade permanente		62,6	7,5	64,1	7,5
	xubilación	(media anual)	428,5	9,2	432,6	9,0
	viuvez	(en miles de pensións)	173,0	8,0	175,5	8,0
	orfanidade e favor familiar		25,5	8,4	25,4	8,5
	Importe pensións contributivas		83,0	83,4	83,4	83,4
	incapacidade permanente		85,1	85,6	85,6	85,6
	xubilación	(media anual) (España = 100)	81,2	81,7	81,7	81,7
	viuvez		83,7	83,9	83,9	83,9
	orfanidade e favor familiar		97,4	98,2	98,2	98,2
	Pensións non contributivas	(media anual)	53.685	11,1	52.956	11,0
	invalidez		20.923	10,2	20.435	10,0
	xubilación		32.762	11,7	32.521	11,7
	Beneficiarios LISMI	(media anual)	3.136	4,9	2.679	4,9
	Prestacións asistenciais	(media anual)	165	0,5	122	0,4
Prestacións por desemprego	(media anual)					
beneficiarios totais		78.625	6,1	79.212	7,0	
contributivas		43.470	6,3	44.567	6,2	
subsídios		29.977	5,4	29.840	8,4	
Renda activa de inserción		5.178	10,4	4.805	9,4	
			Galicia	G/E (%)	Galicia	G/E (%)
			1/1/05		1/1/06	
Servizos Sociais a maiores dependentes	Poboación maior 65 anos		587.137	8,0	594.506	8,0
	Axuda a domicilio	(en nº usuarios)	11.679	4,5	13.932	4,6
	Servizo público de teleasistencia	(en nº usuarios)	5.480	2,6	6.413	2,5
	Fogares e clubs para maiores	(en nº asociados)	240.000	6,9	240.000	6,8
	Centros de día					
	titularidade pública		18	1,8	40	3,2
	titularidade privada		36	3,4	56	4,8
	prazas de financiamento público		451	2,1	50	1,9
	prazas de xestión privada		1.358	5,2	2.071	6,8
	Atención residencial					
	Centros totais		133	2,6	129	2,1
	públicos		33	3,2	21	2,0
privados		100	2,4	108	2,2	
Prazas totais		11.654	4,1	14.133	4,7	
públicas		3.452	4,9	3.523	4,8	
concertadas		1.855	3,6	2.778	4,7	
privadas		6.347	4,0	7.832	4,7	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco de España, Agencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e IMSERSO

		Unidade de medida	Galicia 2005	G/E (%)	Galicia 2006	G/E (%)
Saúde	Gasto farmacéutico					
	Receitas facturadas	(en miles)	52.468,5	6,9	54.569,5	6,9
	Gasto farmacéutico a través de receita	(en miles de €)	734.949,6	7,3	781.128,7	7,3
	Sinistralidade de tráfico					
	accidentes mortais		247	8,6	242	9,2
víctimas mortais		284	8,5	267	8,9	
Educación	Curso 05/06					
	Curso 06/07					
	Ensino non universitario					
	Alumnos		374.726	5,5	371.142	5,2
	centros		1.753	7,7	1.761	7,6
	profesores		36.257	6,1	36.550	6,0
	Educación universitaria					
	Alumnos matriculados 1º e 2º ciclo					
	Humanidades		74.778	5,2	70.840	5,0
	Ciencias experimentais		5.487	4,1	5.237	4,1
	Sociais e xurídicas		6.083	6,0	5.490	5,8
	Técnicas		35.069	4,9	33.168	4,7
	Ciencias da saúde		20.746	5,5	19.592	5,4
Alumnos matriculados 3º ciclo		7.393	6,3	7.353	6,2	
		3.938	5,4			
Cultura	Galicia 2005					
	Galicia 2006					
	Produción editorial					
	títulos		2.014	3,2	2.444	3,7
	exemplares	(en miles)	3.691	1,3	4.502	1,8
	Libros publicados en galego					
	títulos		1.165	1,8	1.406	2,1
	exemplares	(en miles)	2.638	0,9	3.243	1,2
	Actividades culturais: recadación		(en miles de €)			
	Artes escénicas					
	Teatro		3.115,2	1,4		
	Danza		2.232,1	1,4		
	Xénero lírico		596,0	3,2		
	Música clásica		287,0	0,8		
	Música popular		878,7	2,0		
	Cine		3.391,1	2,4		
			24.110,0	3,9		
	Actividades culturais: espectadores					
	Artes escénicas					
	Teatro		527.747	3,3		
Danza		444.668	3,3			
Xénero lírico		51.658	3,3			
Música clásica		31.421	2,8			
Música popular		433.055	7,9			
Cine		1.399.136	5,8			
		4.949.014	4,0			
Medio ambiente	Incendios forestais					
	Sinistros					
	Número		11.973	47,0	6.996	26,6
	conatos		11.405	46,2	6.997	42,8
	Maiores dunha hectárea		8.296	52,3	4.891	44,7
	Reproducións		3.109	35,2	2.106	38,9
	Menores dunha hectárea		568	72,4		
	Maiores dunha hectárea		486	81,1		
			82	44,1		
	Superficie queimada		(en Ha.)			
	Superficie forestal		58.991,1	29,4	92.595,6	62,2
	Arborada		57.452,2	30,5	92.595,6	62,2
	Non arborada		22.131,5	31,9	54.105,6	78,0
			35.320,7	29,6	38.490,0	48,4
		Leñosa	34.775,5	32,7	38.490,0	54,5
		Herbácea	545,2	4,2		
	Superficie non forestal		1.538,9	13,0		
	Gases efecto invernadoiro					
	Asignación dereitos de emisións					
			14,7	8,5	13,8	7,8
		Xeración	11,0	12,3	9,8	11,7
		Industria	2,5	3,6	2,5	3,6
		Outra combustión	1,2	7,5	1,4	6,7
	Emisións verificadas	17,3	9,4	16,5	9,2	
	Xeración	14,1	13,5	13,3	13,7	
	Industria	2,3	3,5	2,3	3,5	
	Outra combustión	1,0	6,8	1,0	5,7	
	Instalacións	47	5,6	61	5,8	
	Xeración	3	3,8	4	5,2	
	Industria	27	4,6	27	4,5	
	Outra combustión	17	10,0	30	8,1	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INE, Ministerio de Fomento, SGAE e Ministerio de Educación y Cultura

		Unidade de medida	Galicia		Galicia	
			2004	G/E (%)	2005	G/E (%)
Infraestruturas	Lonxitude rede de estradas	(en quilómetros)	79.203	12,1	79.181	12,1
	A cargo do Estado		2.258	9,0	2.267	8,9
	Estradas dunha calzada		1.526	9,5	1.526	9,6
	Estradas de dobre calzada		73	9,9	72	9,9
	Autovías e autoestradas libres		395	6,3	405	6,2
	Autoestradas de peaxe		264	12,2	264	12,2
	A cargo dos Entes Territoriais		15.189	10,8	15.158	10,8
	Comunidade Autónoma		5.295	7,5	5.290	7,5
	Deputación		9.894	14,2	9.868	14,2
	Red viaria municipal		61.756	12,6	61.756	12,6
Investigación e desenvolvemento tecnolóxico	Gastos internos totais en I+D	(en miles de €)	366.290	4,1	405.196	4,0
	Sector privado		137.692	2,8	176.035	3,2
	Sector público		228.598	5,6	229.161	4,9
	Persoal total		8.286	5,1	8.496	4,9
	Sector privado		2.695	3,8	2.685	3,5
	Sector público		5.591	6,2	5.811	5,9
	Investigadores		5.630	5,6	5.851	5,3
	Sector privado		995	3,1	1.056	3,0
	Sector público		4.635	6,7	4.795	6,4
	Indicadores alta tecnoloxía					
	Emp. manufactureiras alta e media-alta tecnoloxía		1.304	5,8	1.234	5,4
	Cifra de negocios	(en miles de €)	8.826.929	5,6	8.950.051	5,5
	Valor engadido	(en miles de €)	1.630.351	4,4	1.735.396	4,6
	Ocupados	(en miles de persoas)	49,9	5,7	54,3	6,1
	Proxectos aprobados polo CDTI					
	Nº proxectos		15	1,9	22	2,2
	Aportación CDTI	(en miles de €)	9.570,1	2,1	16.648,9	2,8
	Presuposto total		17.048,8	1,9	30.069,1	2,6
	Solicitude de patentes					
	Vía nacional		129	4,3	145	4,7
Patentes PCT		27	3,0	25	2,7	
Solicitude de modelos e debuxos industriais		197	4,3	170	4,2	
Solicitude de marcas		2.793	5,1	2.889	5,2	
Solicitude de nomes comerciais e rótulos de establecementos		298	5,9	261	4,2	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de INE, Rerife, Ministerio de Fomento, Oficina Española de Patentes y Marcas